

Medicina, saúde e benestar.

Redacción

Un implante dental es una prótesis hecha de titanio que se inserta en el hueso alveolar mediante cirugía para hacer la función de raíz del diente perdido. En el caso de los implantes de carga convencional, tras la colocación del mismo, el paciente pasa por un proceso de osteointegración, de tres a seis meses, tras el cual se procede a colocar la prótesis dental devolviendo al paciente la estética bucal y la capacidad de usar dicha pieza dental con completa normalidad.

En el caso de los implantes de carga inmediata, la diferencia reside en que a la hora de colocar la prótesis, en vez de esperar los meses estipulados para el proceso de osteointegración, se coloca directamente una prótesis provisional fija personalizada.

Con esta técnica el implante y la corona fija provisional se colocan en el mismo día

Esto asegura una función masticatoria adecuada y una estética dental mejorada desde el primer momento, especialmente en los casos de desdentado total o con afectación de zonas altamente estéticas; además de la

Implantes de carga inmediata: una solución rápida y eficaz



Fachada de la Clínica Dental Alush en Santiago de Compostela.

clara ventaja de comodidad para los pacientes al prescindir de una prótesis removable, se ha comprobado que esta prótesis provisional es muy beneficiosa en la cicatrización del tejido óseo y la osteointegración del implante.

Tras la colocación de los implantes y la prótesis provisional, el paciente es sometido a revisiones periódicas para evaluar la integración del implante con el hueso. Una vez completado este procedimiento, el siguiente paso consiste en la fabricación y colocación de la prótesis definitiva, asegurando un resultado estable y duradero.

Gracias a los avances actuales, recuperar la sonrisa en menos de diez horas es posible

No estamos ante una técnica experimental, sino ante un sistema implantológico con mucho recorrido que consigue una proporción de éxitos similar a la implantología convencional. Además, proporciona unas ventajas innegables para el paciente, al reducir significativamente el tiempo de tratamiento y mejorar notablemente su calidad de vida, con un impacto funcional, estético y psicológico muy positivo. ■

Doutor Emilio Del Río

DERMATÓLOGO

- Enfermidades da pel
- Dermatoloxía estética

R.S. Nº15000870

Rúa Laverde Ruiz, 7 - baixo
Tls. 981 562 065 / 881 956 698
www.clinicadermalar.com



IMPLANTOLOGÍA AVANZADA
REPONEMOS TU DENTADURA FIJA EN UN DÍA SOBRE IMPLANTES
CON LA TECNOLOGÍA MÁS AVANZADA Y LOS MEJORES PROFESIONALES PARA TU SEGURIDAD



CLÍNICA DENTAL POSE
Un concepto de clínica que ofrece a nuestros pacientes los últimos avances del sector.

DIENTES EN 7 HORAS
En la misma sesión se realiza la extracción y la colocación de los implantes y dientes fijos.

TU TRATAMIENTO EN UNA ÚNICA SESIÓN
Gracias a este protocolo de actuación, podemos tratar al paciente en una sola cita quirúrgica.

WWW.CLINICAPOSE.ES

Rúa do Restollal, 28/30
Santiago
+34 981 940 542
C.15001683

Avda. Alfonso Molina, 45 - 2º
Santa Comba
+34 981 880 070
C-15-000369

Medicina, saúde e benestar.

Utilizar fotoprotector en inverno é «innecesario» e ata pode ser nocivo

O dermatólogo Emilio del Río aconsella usar este tipo de cremas soamente «no semestre de verán e sempre que realicemos actividades no exterior» ● Sinala que as escasas horas de sol son vitais para a síntese da vitamina D

Doctor Emilio del Río

«Existe en galego unha palabra fermosísima que non ten semellanza en ningunha outra lingua: 'loaira'. Fai referencia a un momento fugaz, intenso e luminoso de sol entre as nubes dominantes. Son exactamente as mesmas letras que "raiola", termo recollido no Dicionario da Real Academia Galega». «Neste inverno de borrascas, El Correo Gallego informaba o pasado 11 de febreiro dun estudo que constataba a redución de horas de sol nestes meses de máis dun 50% respecto á media. Isto contrasta chamativamente co costume que se foi normalizando nestes últimos anos de usar crema fotoprotectora todo o ano, baseándose en dous argumentos, un de saúde pública (a prevención do cancro de pel) e outro de beleza (evitar o avellentamento producido pola luz)».

«Esta tendencia progresiva foise establecendo como un axioma, claramente promovido pola industria cosmética e polas canles de distribución en venda. Non está exenta de conflito de intereses, xa que supón unhas achegas e un rendemento millonario. Tamén, dende o eido sanitario, mesmo dende os profesionais da dermatoloxía, foise promovendo en ocasións esta idea que –en Galicia– carece claramente de sentido e é innecesaria e extravagante durante todo o semestre de inverno».

«Na nosa latitude (nada que ver coa das Illas Canarias ou Guinea Ecuatorial, poño por caso) unicamente ten sentido usar crema fotoprotectora no semestre de verán e sempre que realicemos actividades no exterior, aproximadamente de maio a setembro inclusive. Os únicos motivos para usar crema fotoprotectora en inverno nas latitudes altas son os deportes de neve, a alta montaña ou as persoas albinas».

«O arco solar no horizonte no inverno é moito máis curto e máis baixo no inverno que no verán e os raios solares, nomeadamente a radiación ultravioleta, é moito máis oblicua e inocua. Pola contra, o arco solar no solsticio de verán e maiormente nas horas centrais do día (entre 13:30 e 16:30 aproximadamente), cando a sombra que proxectamos é mínima por ser a radiación máis vertical, é causa de queimaduras, avellentamento e reacción con medicamentos fotosensibilizantes van a suceder de forma sistemática se non nos protexemos axeitadamente. Primeiro de todo, con fotoprotección horaria (evitando estar expostos neses horario crítico) buscando a sombra ou permanecendo en interior, usando roupa fresca e longa, sombreiro, gafas de sol e –como último elemento e non sempre necesario– crema solar».

«En inverno, esas loairas ou as escasas horas de sol son importan-



O dermatólogo Emilio del Río de la Torre.

tísimas para a síntese de vitamina D, xa de por si moi baixa na nosa poboación, e –precisamente a vitamina D promovida polo sol– é a de maior calidade biolóxica, moi por riba da que teñen certos alimentos coma os ovos, os lácteos ou o peixe azul. E, por suposto, moi por diante da que se toma en suplementos vitamínicos farmacolóxicos. A evolución humana, foinos facendo perder progresivamente polo corporal e branqueando a pel para, precisamente, poder sintetizar vitamina D en latitudes máis

altas que na África primixenia de onde procedemos. Tan só os excesos recreativos do sol dos últimos anos e a moda da praia que non ten máis de un século de historia levou a excesos e danos cutáneos moi graves dos que o cancro de pel, nomeadamente o melanoma e o carcinoma epidermoide poden provocar a morte levou a tomar conciencia dos perigos reais do abuso solar. Esta tendencia levou á sobrecorrección ou sobreprotección que nos empeza a pasar factura agora».

Diferenzas entre nenos e adultos

«Por outra banda, sobre os dous grandes grupos de fotoprotectores que utilizamos (químicos e físicos), existe un consenso xeral de que os segundos (que protexen simplemente coma unha pantalla inerte interposta) son sempre preferibles e os únicos que deben usar os nenos de curta idade». «A contrapartida é que estes produtos son de difícil aplicación e en adultos resulta máis práctica a aplicación daqueles que absorben por cambios químicos a enerxía ultravioleta do sol. Cómpre deixar claro que son produtos seguros e que o sistema de cosmetovixiancia é moi eficaz no seu control».

«Finalmente, convén lembrar que a luz é fundamental para a regulación dos ciclos circadianos do organismo, e a secreción de melatonina cando a luz xa decae e para a hixiene do sono, a actividade da glándula pineal e, moi especialmente, para favorecer o bo ánimo de espírito sen que exista unha 'depresión climática' (a depresión é un padecemento moi serio que non se debe frivolizar) nos longos meses de inverno. Así que o meu consello de dermatólogo é que saian, camiñen, disfruten as horas de sol invernal sen crema solar, porque –ó final– o ser humano non é un ser das tebras, senón un ser de luz. En todos os sentidos».

C. 15003610

CLÍNICA DEL PROFESOR
Dr. Manuel Noya García
NEURÓLOGO

C/ República Argentina 1, 3º B
15.701 Santiago de Compostela
TF: 981-562782

Tu salud empieza en tu boca

¡Confía en tu higienista dental y sonríe sin límites!

Doctor CRISANTO CASTRO
OTORRINOLARINGÓLOGO

Enfermedades de: OÍDOS - NARIZ - GARGANTA
CONSULTA PREVIA CITA - TARDES
C/ Senra, 11-4º A - SANTIAGO • Telf.: 981 560 296

C-15-001563

Medicina, saúde e benestar.

A alopecia, un problema cada vez máis controlado

Redacción

A saúde capilar consolidouse nos últimos anos como un ámbito cada vez máis relevante dentro da saúde integral, tamén en Galicia, onde medra a preocupación polo coidado global do organismo. A caída do cabelo, a perda de densidade, a fragilidade capilar ou as alteracións do coiro cabeludo non responden unicamente a factores estéticos ou a cuestións puntuais, senón que en moitos casos están vinculadas ao estrés sostido no tempo, a desequilibrios hormonais, a déficits nutricionais ou mesmo a determinadas patoloxías que requiren avaliación clínica. Deste xeito, o que tradicionalmente se percibía como un problema superficial é hoxe entendido como unha posible manifestación doutros procesos internos.

Este cambio de enfoque impulsou o desenvolvemento da medicina capilar como disciplina específica, que aposta polo diagnóstico médico rigoroso e polo tratamento personalizado fronte a solucións xenéricas. Neste sentido, clínicas especializadas como a Clínica Capilar Laura Agrelo, con presenza na comunidade galega e en Madrid, traballan desde unha perspectiva clínica que prioriza a identificación da causa real do problema antes de formular calquera intervención terapéutica ou procedemento estético. Segundo explican desde o propio centro, «abordar a saúde capilar desde un punto de vista médico permite ofrecer solucións máis eficaces e seguras, adaptadas ás características e necesidades de cada paciente».

Os especialistas subliñan a importancia da prevención e do diagnóstico temperán, especialmente nunha comunidade onde o envellecemen-



A experta en coidado capilar, Laura Agrelo.

to da poboación e o impacto do estrés son factores a ter en conta. O seguimento médico continuado, xunto co uso de tecnoloxía avanzada aplicada ao diagnóstico —como estudos tricolóxicos ou análises específicas—, permiten mellorar non só a evolución da caída do cabelo, senón tamén a saúde do coiro cabeludo, a densidade e a calidade capilar.

A normalización da consulta médica capilar contribúe, ademais, a desmontar mitos aínda moi presentes. A información rigorosa e o acompañamento profesional consolidanse como elementos clave para quen busca solucións baseadas en criterios médicos, nun ámbito que combina ciencia, experiencia clínica e atención especializada. ■

Odontoloxía dende un prisma innovador



Persoal de traballadores da Clínica Pose.

Redacción

Contar cun sorriso tan radiante como saudable é un pilar fundamental na saúde de toda persoa. En Clínica Pose, levan tres décadas de traballo á vangarda nas súas clínicas de Santiago e Santa Comba, ofrecendo servizos completos, rápidos, eficientes e adaptados para cada caso.

A súa filosofía está apoiada na innovación, por iso priorizan manterse actualizados sobre os últimos tratamentos en implantoloxía, ortodoncia, periodoncia, estética dental, odontoloxía conservadora, próteses e rehabilitación, odontopediatría e tratamento do bruxismo.

Son especialistas en corrixir alteracións de cor, forma, tamaño, posición ou proporción dos dentes, sempre dende un prisma funcional e conservador. Un dos servizos que ofrecen é a colocación de carillas dentais, unhas finas láminas de cerámica ou metal de alta re-

sistencia que se adhire ao esmalte dental.

Outro dos tratamentos máis demandados polos pacientes son os branqueos e, en Clínica Pose, son capaces de realizalos minimizando a sensibilidade dental e garantindo un resultado uniforme, natural e duradeiro.

En canto aos diferentes tipos de ortodoncia que ofrecen, traballan con aliñadores transparentes; ortodoncias linguais Incognito, a opción idónea para os que buscan a máxima estética, xa que é un tratamento que se coloca na cara interna dos dentes; e os brackets de zafiro, metálicos e damon.

Tamén son expertos na aplicación de diagnósticos de bruxismo, un problema que pode xerar incidencias na articulación temporomandibular dos pacientes.

Neste senso, a súa forma para tratar esta condición é a utilización de férulas de descarga durante a noite, sempre adaptadas ás necesidades e condicións de cada caso. ■

09:30 h

Implantes de carga inmediata

19:00 h

www.alushclinicadental.com

clínicadental

ALUSH

CENTRO GALLEGO DE IMPLANTOLOGÍA DENTAL

Avda. de Barcelona nº 35 | Santiago
981 937 775
Nº Registro Sanitario: C-15-002394

Rúa Arenal s/n, Clínica Deza | Lalín
886 217 601
Nº Registro Sanitario: C-36-001632

Registro Sanitario nº C-15-000409

Expertos en tratamientos **capilares**

CLÍNICA DERMATOLÓGICA
Laura Agrelo
CENTRO CAPILAR

Santiago de Compostela | www.clinicacapilarlauraagrelo.com

981 563 906